

# Letras Galegas 2007



MARÍA MARIÑO CAROU  
(1907 - 1967)

# MARÍA MARIÑO CAROU

## VIDA


María Mariño Carou naceu en Noia o 8 de xuño de 1907, nunha familia humilde. O pai era zapateiro e a nai xastra. Foi a segunda de 5 irmáns.

Foi poucos anos á escola, xa que dende moi nova tivo que traballar de costureira, cosendo polas casas. Era unha muller sensible, reservada e solitaria. Fisicamente era guapa e elegante. A súa familia foi a vivir a Boiro, á casa dunha tía que traballaba no Pazo de Goiáns. Alí tivo acceso á biblioteca, onde toma contacto coa literatura. Logo vai a vivir a Biscaia (País Vasco), á casa dunha irmá súa. Volta a Boiro, onde coñece ó seu futuro home.

Casa na parroquia de Lampón (Boiro) con Roberto Posse Carballido, mestre de profesión, no ano 1939. Vanse a vivir ao País Vasco. Ten un fillo que morre ao pouco de nacer. Este feito, xunto coa morte dos 2 irmáns e da súa nai, fai que María se deprima. Despois dalgúns anos trasládanse a vivir a Arzúa e finalmente á zona do Courel (Lugo). No 1947 fixa definitivamente a residencia en Parada do Courel. Alí coñece ao escritor Uxío Novoneyra. Morre o 19 de maio de 1967.

## OBRA

Comeza a escribir no ano 1957 (primeiro en castelán e logo en galego). O seu único relato en castelán titúlase **"Los años pobres-Memoria de guerra y posguerra-"**. No ano 1963 publica o seu primeiro libro, **"Palabra no Tempo"**, con prólogo de Otero Pedrayo. Pouco antes de morrer rematou a súa segunda obra **"Verba que comeza"**. Esta publicárase pasados moitos anos, no 1990.



# Letras Galegas 2007

➤ Infórmate sobre a vida de María Mariño e cubre a seguinte ficha.

Nome:

Apelidos:

Lugar onde naceu:

Día, mes e ano:

Profesión do pai:

Profesión da nai:

Número de irmáns:

➤ Completa con vogais unha estrofa do poema "Miña nai"

N... esc...le...riñ... d... p...dr...,  
no r...c...ndo d... pin...r  
n... b...nc.. d... S...n M...rtín, c... ros...riño n... m...n

➤ Completa coas palabras do saco

Xa no me deixa na o ...  
Xa no me ... o sol  
Xa no me molla a...  
Son esquecida.

vento

quenta

chuvia

➤ Relaciona títulos de poemas de María Mariño

|            |           |
|------------|-----------|
| Noite de   | seco      |
| Historia e | gaiteiro  |
| Miña       | nai       |
| O arbore   | San Johán |

➤ Completa as palabras que faltan nas seguintes estrofas, axudándote coas definicións

- 1.-Estrela que nos dá luz e calor
- 2.-Nome do noso planeta
- 3.-Parte do día, despois de comer
- 4.-Satélite da Terra, que se ve polas noites

Baixaría o ceo á Terra

O ... non daría o que dou (1)

Non sería a ... estrela. (2)

Foise a ... e non volveu (3)

foise. Ten a noite muito dela

máis do que a ... verteu. (4)

➤ Volve a copia-lo poema substituíndo as palabras destacadas por debuxos

Leva **sol**

leva **vento**

leva nebra que coxea

leva **folliñas** secas

leva súas **pólas** ca sombra

leva **tronco** ca raíz.

# Letras Galegas 2007

 Cubre a seguinte ficha sobre a vida e a obra de María Mariño

Nome:

Apelidos:

Lugar onde naceu:

Día, mes e ano:

Profesión do pai:

Profesión da nai:

Número de irmáns:

Lugares onde vive a poetisa:

Libro que publicou en vida:

Libro publicado despois da súa morte:

 Intenta, polo contido dos versos, relacionalos co título correspondente:

"Pousa está a túa manciña na tixeira que colguei  
como medalla ouro vello!- na cadea do teu ser"

NOITE DE SAN JOHÁN

"Lumeiro xa de onte, de hoxe e de mañán  
lumeiro que alumeas con luz de sin farol"

NOIA

"O meu fogar téño en ti:  
No teu vivir e nas tres pontes"

MIÑA NAI

 A continuación aparecen dúas estrofas de catro versos cada unha. Os versos de ámbalas dúas estrofas aparecen mesturados. Serás quen de escribilos tal e como o fixo María Mariño.

"Eu non sei si xa pasou  
ou se inda ten que pasar  
Os seráns nas Rías Baixas  
ou si aquilo que eu sentín  
ollan con luz de aurora  
non foi sentir, foi soñar.  
na súa mirada queda  
silencio daquela hora.

1ª ESTROFA

2ª ESTROFA

 Le con atención o poema. Imaxina a paisaxe e fai unha ilustración

### FURNA DE SAN PAIO

"A ponte de San Paio  
veome nun vello cantar.  
Vía pombiñas nela,  
Vía o río cabalgar  
Por entre redondas pedras  
De espellado mirar.  
Tiña casiñas brancas  
Cas tellas colorear.  
Foise o cantar en vello.  
A ponte en min a brilar."



 Agora contesta:  
- Que é unha furna?

- Onde queda a ponte de San Paio?

-Localiza os adxectivos de:

Pedras:

casiñas:

cantar:

-Escribe os infinitivos e di a que conxugación pertencen.

FORMA VERBAL

INFINITIVO

CONJUGACIÓN

Vía


Tiña

Foise

Son

 Completa os versos coas palabras:

"Ruxir do preto curral!  
Entre follatos de... ,  
... barbeitos e chans,  
entre berros de... ,  
entre ... e ruxir"



 Emparella versos con títulos

|                                                     |              |
|-----------------------------------------------------|--------------|
| "O meu fogar téño en ti"                            | PRIMAVEIRAS  |
| "Canta o cuco hoxe de perto"                        | O ARBRE SECO |
| "Adeus, arbre de anos feito"                        | MIÑA NAI     |
| "Arrecendo a túa chabrea, que onte gardei se lavar" | NOIA         |

 Le o seguinte poema. Logo contesta.

"Campanas que tocastes  
todas do mesmo xeito  
unhas chegádesme a alma  
e outras ó pensamento"

Pobos donde eu vivín!  
Algúns eran máis feitos  
e queríanme enganar,  
mais eu nunca sentín  
neles o meu fogar"

"O meu fogar téño en ti:  
no teu vivir e nas tres pontes  
e das campanas os toques,  
toques que eran para min"

-Que sentimentos cres que manifesta a autora nestes versos?

-Coa axuda d@ mestre/a, con que outra grande poetisa galega estarían relacionados estes sentimentos.


-Escribe en prosa un pequeno resumo das estrofas.

 Localiza na sopa de letras 5 lugares onde viviu a autora

|   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| J | P | C | Z | B | V | R | G |
| Y | R | Y | O | P | X | L | C |
| K | L | I | F | U | V | S | D |
| U | R | A | U | Z | R | A | Y |
| O | J | G | J | O | A | E | X |
| B | I | S | C | A | I | A | L |
| Y | J | D | E | R | O | S | K |
| H | S | W | X | E | N | L | Z |

 Resolve o seguinte encrucillado:

- 1.-Nome do home da autora.
- 2.-Nome da parroquia onde casa.  
Título do libro: *Palabra no...*
- 3.-Profesión do pai.
- 4.-Despois de Noia vive en ...  
Segundo apelido de María.
- 5.-Lugar onde naceu.  
Profesión do nai.
- 6.-A tía de María traballaba no Pazo de ...  
Profesión do home da autora.



 Completa as palabras que faltan, axudándote das definicións:

- 1.-Animal que leva a casa ao lombo. "Baixa a aiga, baixa
  - 2.-Construción unifamiliar para vivir. tecendo voltas e máis voltas
  - 3.-Ave de curral que canta ao mencer. facendo (1) sin (2)
  - 4.-Animal (4 letras) que pon ovos, galiña. Avisa o (3)
  - 5.-Auga que cae do ceo. a (4) nun berro longo fuxe.
  - 6.-Contraio de novas. A (5) fala,
  - 7.-Botan fume. peneira o rego. Casiñas (6) (7) e din:
- Delas son  
delas son."





## Memoriza estes poemas e recítaos con entonación

"Os seráns nas Rías Baixas  
ollan con luz de aurora,  
ca súa mirada queda  
silencio daquela hora."

"Ribeiras de mar enxoito!  
Ribeiras de pleamar!  
Quedas, vellas ribeiras,  
agardan un mar i outro mar."

### 1ª ESTROFA

-Copia as palabras que riman e engade dúas máis.

-Localiza no 3º verso un adxectivo e di a que nome califica.

-Que significa "*luz de aurora*"? A que momento do día corresponde?

-Que sensacións percibes ao recitar a primeira estrofa:

☐ calma      ☐ irritabilidade      ☐ tranquilidade      ☐ sosego      ☐ balbordo

### 2ª ESTROFA

-Con que dous adxectivos califica ás ribeiras?

-Busca un sinónimo para agardan.

-Que significa pleamar?

-Empregando unha soa palabra, como dirías *ribeiras de mar enxoito*.

# LETRAS GALEGAS 2007



Cubre a seguinte ficha sobre a vida e a obra de María Mariño

Nome:

Apelidos:

Lugar onde naceu:

Día, mes e ano:

Profesión do pai:

Profesión da nai:

Número de irmáns:

Profesión do seu home:

Lugar onde casa:

Onde empezou os seus primeiros contactos co mundo da literatura:

Lugares onde viviu a poetisa:

Libro que publicou en vida e data da súa publicación:

Lingua ou linguas nas que escribiu:

Libro publicado despois da súa morte:

Data da súa morte:

Explica como era o carácter da escritora, como cambiou e cal foi o motivo:

Xénero literario que empregou:

 Investiga. A continuación aparecen seis títulos de poemas: 4 son de María Mariño e os outros dous doutra gan poetisa galega. Sepáraos e pon o nome desa outra gran figura literaria

*"Campanas de Bastabales"*

*"Noia"*

*"Noite de San Johán"*

*"O Arbre Seco"*

*"Como chove miúdo"*

*"Furna de San Paio"*

 Nas seguintes estrofas, que sentimento cres que expresa a autora?

Xa no me deixa nada o vento  
xa no me quenta o sol.  
Xa no me molla a chuvia.  
Son esquecida.

SOEDADE - LEDICIA - ENFADO

Pobos donde eu vivín!  
Algúns eran máis feitos  
e queríanme enganar,  
mais eu nunca sentín  
neles o meu fogar.

DESOLACIÓN - MORRIÑA - DESAMOR

Canta morte eu vivín  
polo alento ó revés do meu sentir!  
Arrecendo a túa chombra, que onte gardei sen lavar  
arrecendo a túa mantilla e volvo de novo a olvidar.

AMOR - TRISTURA - ENFADO

 Volve a escribir este poema, cambiando as palabras suliñadas, de xeito que o poema teña sentido.

"Froriña de alto talle  
entre herba ben nacida  
hoxe toda peito eres  
do alento daquel día."

Froriñas dos valados  
e follas de entre silveiros  
teitos sodes calados  
dos fogares latexeiros."

 Traballámo-lo poema:

-Localiza as palabras que riman

-Cantos verbos hai en cada estrofa. Escribe o seu infinitivo.

-Localiza catro adxectivos e os nomes ós que califican.

-Busca 3 contraccións e di as palabras que as forman.

-"*Fogares latexeiros*". De que palabra cres que deriva latexeiros? Existe esta palabra ou inventouna a autora?

-"*e follas de entre silveiros*". Que palabra aparece co xénero cambiado?



A continuación atópanse versos mesturados de dúas estrofas. Recompón cada unha delas. (Unha ten cinco versos e outra catro)

Tiven medo de vogar  
que logo en libro vello se trocou.  
Sei quen de min ditou un verso  
tiven medo de auga crara.  
que o mundo por enteiro derribou.  
Aquel verso deixou en fondo texto  
non vogaba! non vogaba!  
Anque fora cuns bos remos  
anque fora na mar calma,


1ª ESTROFA

2ª ESTROFA



Resolve o seguinte encrucillado sobre a vida da autora

- 1.- Mes no que naceu
- 2.- Nome do home (ó revés)
- 3.- Mes no que morreu
- 4.- Última residencia da autora
- 5.- Parroquia na que casou (ó revés). Lugar onde tiña a irmá unha casa e ela residiu.
- 6.- Nome da autora . Outro domicilio que tivo de casada.
- 7.- Lugar onde viveu na casa dunha tía (ó revés). Profesión do seu home (ó revés)
- 8.- Torre de... (onde traballaba a súa tía) . Segundo apelido de María Mariño.



Que dous títulos de poemas aparecen no encrucillado destacados?